

Nome _____ Data _____

As caries

Lucía estaba nerviosa. Esa mesma tarde tiña unha cita para visitar o dentista.

Hai poucos días, na revisión médica do colexio, unha doutora que lle examinou a boca encontroulle unha carie nunha das moas. Aconselloulle visitar o dentista.

Lucía estaba un pouco preocupada. Xa lle caeran varios dentes do leite e non quería que os novos que lle saíran tamén caesen.

A doutora preguntoulle se lavaba os dentes a miúdo. Lucía contestou que unha vez ao día. A médica explicoulle que non era abondo: debía facelo despois de cada comida para limpar os restos de alimentos que quedan retidos na dentadura.

Lucía entendeu a importancia de lavar os dentes e, desde ese día, cepíllaos sempre despois de comer calquera alimento.



1 Por que estaba nerviosa Lucía? Contesta.

► Sentes nervios cando visitas o dentista? Por que?
